



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Anuncio bases do concurso-oposición para a elaboración de listas para a selección de persoal laboral temporal non permanente no concello de Pontedeume

ANUNCIO

Bases do concurso-oposición para a elaboración de listas para a selección de persoal laboral temporal non permanente no concello de Pontedeume.

Por medio do Decreto nº 216 de data 21/05/2015, aprobaronse as bases do concurso-oposición para a elaboración de listas para a selección de persoal laboral temporal non permanente no concello de Pontedeume, modificadas por medio de Decreto nº 305 de data 30/06/2015, que coa modificación aprobada se transcriben a continuación:

BASES DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NON PERMANENTE NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

1º.- Obxecto: O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento de elaboración de Listas para a contratación de persoal laboral temporal non permanente que realice o Concello de Pontedeume para cubrir puntualmente as substitucións, nos casos de baixas, vacacións, licenzas, permisos ou circunstancias similares, de persoal laboral non permanente.

Declárase expresamente excluído a súa aplicación aos seguintes supostos:

- 1.- Selección de persoal laboral fixo.
- 2.- Selección de funcionarios interinos.
- 3.- Supostos nos que a lexislación sectorial fixe un procedemento específico para a contratación de persoal laboral temporal.

Os postos de traballo para os que rexerán as presentes bases son os seguintes:

PEÓN.

LIMPADOR/A.

A relación dos distintos postos de traballo publicarase no taboleiro de Anuncios do Concello.

2º.- Requisitos dos aspirantes: Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.

- Ter cumpridos 16 anos de idade.

- Estar en posesión do título de Graduado Escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das funcións propias do posto.

- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario.

- Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

3º.- Presentación de instancias:

1.- Os candidatos, deberán presentar as súas solicitudes, segundo modelo que figura como Anexo I, nas Oficinas Municipais ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, no prazo de DEZ DÍAS NATURAIS, contados dende o seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Cada candidato presentará unha única solicitude, a cal, no caso de ser varios os postos solicitados, conterà a orde de preferencia dos mesmos.

2.- A instancia acompañarase dos seguintes documentos:

a) Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade.

b) Fotocopias cotexadas dos requisitos.

c) Fotocopia cotexadas da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no Baremo inserto no Anexo II. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal Calificador.

d) Certificado CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado”

3.- As persoas que resulten seleccionadas, farán declaración de que cumpren os requisitos mínimos que recolle a base segunda, incorrendo no delicto correspondente por falsidade de non ser veraz o asinado por aquelas.

4º.- Procedemento de confección das listas:

O procedemento de confección realizarase polo sistema de concurso oposición.

A fase de concurso consistirá na valoración de méritos conforme o Anexo II da presente convocatoria. A puntuación máxima nesta fase será de 3 puntos.

A fase de oposición consistirá en responder a un cuestionario de preguntas relacionadas cos seguintes temas:

-Cultura Xeral.

-Principios básicos da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

-Coñecemento do Municipio de Pontedeume.

- Supostos relacionados coas tarefas a desenvolver.

Ao remate do exercizo, se procederá a súa lectura polos aspirantes e rematada ésta e previamente a súa cualificación, o Tribunal calificador poderá dialogar cos aspirantes, co fin de determinar os seus coñecementos e a súa comprensión sobre o contido do exposto.

A puntuación máxima nesta fase será de 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superar a proba.

Os aspirantes que non presenten o certificado CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado, documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega nos termos establecidos nestas bases deberán realizar un exercicio de lingua galega.

A proba de coñecemento de lingua galega, consistirá nunha traducción sen diccionario dun texto proposto polo tribunal de castelán a galego, nun tempo máximo dunha hora. O exercizo será puntuado de 0 a 10 puntos.

As solicitudes admitidas estudaranse polo tribunal cualificador constituído no Concello, composta por catro membros con titulación igual ou superior á esixida para o acceso.

Unha vez rematada a fase de concurso e da oposición o tribunal cualificador formulará a súa proposta confeccionando as listas para cada posto de traballo, ordeando aos aspirantes capacitados, en función da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e da oposición; en caso de empate na valoración, terá prioridade o candidato que acadase unha maior puntuación no cuestionario.

Confeccionadas as listas, elevarase a proposta á alcaldía-presidencia, co obxecto de aproba-las por Decreto, o cal será publicado no taboleiros de anuncios do concello.

Dende a data da súa aprobación as listas de persoal terán unha vixencia de tres anos, aínda que por resolución da Alcaldía poderán se anuladas con anterioridade ao prazo indicado

5.- Procedemento de contratación:

1.- Conforme vaia sendo necesaria a contratación de persoal laboral temporal para cada un dos postos de traballo obxecto da presente convocatoria, o Concello de Pontedeume seleccionará pola súa orde estricte de puntuación ao persoal

que figure na respectiva relación, e sen perxuízo de que para determinados postos de traballo, polas súas características, deba superarse unha proba física de capacitación homologada da que se lle dará conta ao tribunal calificador.

2.- Para o chamamento dos candidatos empregárase o teléfono facilitado polo aspirante, si esto non fora posible pasarase ao seguinte candidato.

A orde de prelación dos aspirantes incluídos nas listas irase modificando cos conseguíntes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

-Se o aspirante chamado non poidera ser nomeado por causa xustificada, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluído da mesma.

-Se calquera dos integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído da lista.

-Se unha vez nomeado, o tempo traballado fora inferior a seis meses, retornará ao posto que ocupaba na orde de prelación da lista no momento de ser chamado; se fora igual ou superior (incluso con contratacións discontinuas) a seis meses, pasará a ocupar-lo último lugar da lista.

3.- A resposta ao chamamento deberá producirse no prazo máximo de 2 horas dende a súa recepción. Transcorrido este prazo sen producirse, consideraranse decaídos no seu dereito, pasando a ocupar o derradeiro lugar da correspondente relación.

4.- Por decreto da concellería-delegada resolverase a contratación do candidato correspondente, segundo o disposto no punto 1 da presente Base, con estricto cumprimento da lexislación laboral aplicable.

5.- Unha vez o candidato/a remate o seu contrato de traballo, seguirá no mesmo posto da lista de substitucións no que se encontraba antes do seu chamamento, de xeito que, de ser necesaria outra contratación por necesidades do servizo, volveríase a chamar a esa persoa sempre e cando responda afirmativamente ao chamamento e non supere os seis meses de traballo. De non ser así, é dicir, se a resposta é negativa ou non responde no tempo estipulado nas bases, pasará ao derradeiro posto da lista.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS:

Primeira.- Establécese un prazo máximo dun mes, contado dende a data de remate para a presentación das solicitudes, para a exposición da relación do persoal capacitado para cada posto de traballo no taboleiro de anuncios do Concello.

Segunda.- A relación de admitidos e excluídos publicarse no taboleiro de anuncios deste Concello, o quinto día hábil contado dende o seguinte ao de remate de presentación de solicitudes, na mesma relación indícaranse as datas e horas de celebración tanto da fase de concurso como a da oposición.

Terceira.- As contratacións que poidan derivarse destas bases faranse se existe habilitación legal e disponibilidades orzamentarias para as mesmas, polo que será necesariá para realizar a contratación, a correspondente autorización da Intervención Municipal.

Cuarta.- No non previsto nestas Bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación no Real Decreto Lei 8/1997, de 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como ó Convenio colectivo para o persoal laboral ó servizo do Concello de Pontedeume (D.O.G. Nº 56 do 09-03-2007).

Quinta.- A) Contra a resolución do concelleiro-delegado resolvendo definitivamente sobre as contratacións, poderase interpo-lo recurso postestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente dentro do prazo de UN MES contado dende o día seguinte ó da publicación da resolución da Alcaldía coa lista de candidatos; segundo o establecido no art. 116.2 da Lei 30/1992, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. E consonte o disposto nos parágrafos 1 e 4 do art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, o prazo para interpoñe-lo devandito recurso contencioso administrativo será:

- Se fose expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: DOUS MESES contados dende o día seguinte a aquel en que se notifique dita resolución.

- Se non fose expresa dita resolución: SEIS MESES contados dente o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado dito recurso potestativo de reposición.

B) Interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso administrativa que correspondan, consonte o disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, xa mencionada, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ó da publicación resolución da Alcaldía coa lista de seleccionados, de conformidade co establecido no art. 46 desta mesma lei.

Non obstante, e se o interesado o considera conveniente, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

Ó SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

D./Dna. _____ de _____ anos, con domicilio en _____,
Rúa/ _____ nº _____, piso _____ C.P. _____, Teféfono _____ D.N.I. nº _____,
_____ , ante VS. comparezo para manifestar:

Que desexo participar no proceso convocado para a elaboración de listas para a selección de persoal laboral temporal non permanente, por Resolución de 2014, publicada no BOP nº

Que reúno tódolos requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, nas Bases que declaro coñecer e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude, e no suposto de obte-la praza a prestar xuramento ou promesa do cargo, consonte ó disposto no R.D. 707/1979, do 5 de abril.

Adxunto achego coa presente instancia, segundo dispón a Base 3ª. 2 da Convocatoria:

Fotocopia cotexada do D.N.I.

Fotocopias cotexadas dos requisitos.

Fotocopia cotexada do carnet de conducir B1.

CELGA 2

Copia cotexada dos documentos xustificativos dos seguintes méritos que se alegan:

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-

Orde de prioridades: 1º.- ; 2º.-

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

SER ADMITIDO NO PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, NA/S PRAZA/S.....

En Pontevedra, de de 2015.

(Sinatura)

ANEXO II**BAREMO DE MÉRITOS**

O sistema de elaboración das Listas basearase na valoración dos seguintes méritos:

1.- Datos e Circunstancias Persoais:

A.- Situación familiar: Por cada persoa sen ingresos ó seu cargo -cónxuxe e fillos-: 0,50 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 1,50 puntos.

2.- Méritos académicos:

A.- Cursos homologados sobre materias relacionadas co posto de traballo: 0,10 puntos, por cada curso.

A puntuación máxma neste apartado sera de 0,50 puntos.

3.- Experiencia:

A.- Por acreditar ter experiencia profesional na categoría á que se opta no Concello de Pontedeume ou noutras administracións públicas: 0,10 puntos por cada seis meses de traballo..

Valoraranse como experiencia profesional en relación co posto ó que se opta o tempo de servicio prestados como alumno de Escola taller.

B.- Por acreditar ter experiencia profesional en distinta categoría á que se opta no Concello de Pontedeume, noutras Administracións Públicas e empresas privadas: 0,025 puntos por cada seis meses.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Contra esta convocatoria e as presentes bases e cantos actos administrativos deriven delas ou da actuación do tribunal poderán presentarse polos interesados os recursos e empregar os medios de impugnación previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo.

Pontedeume a 30 de xuño de 2015.

O Alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro

2015/7276